

### **CIRCULAR 58/2014**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN PISTA**

A Coruña, 29 de novembro do 2014

**Art.1)** O Clube Riazor Coruña, organiza para o día 29 de novembro do 2014 nas pistas da Universidade de Elviña o Campionato Galego de Marcha en Pista.

**Art.2)** Poderán intervenir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2014/15) por algún Clube pertencente Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras CCAA.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros\* convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

**Art.3)** As inscricións realizaránse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.fea.es/sirfea2/> ata ás 20:00h do martes día 25 de novembro.

**Art.4)** Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Os tres primeiros atletas clasificados das categorías: benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa e veteráns recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas. Asemade, entregaranse medalla aos tres primeiros atletas da clasificación absoluta na proba dos 5 km.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** O horario e distancias do campionato e o seguinte:

#### **HORARIO E DISTANCIAS**

11:45 HORAS	1.000 m.Benxamín	H-M
12:00 HORAS	2.000 m Alevín	H-M
12:20 HORAS	3.000 m Inf/Cad	H-M
12:45 HORAS	5 000 xv/Jn /Pr /Sen /Vet*	H-M

\* Categoría Conxunta.

[As probas de Benxamín/Alevín/Infantil/Cadete e Xuvenil se farán conforme á Normativa de Pit Lane \(se enviará información\).](#)



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>



Os atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída da súa proba e deberán saír ca camiseta xa colocada.

**Art.8)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

**Art.9)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da F.G.A., da R.F.E.A. e da I.A.A.F.

A Coruña, 3 de novembro do 2014  
Víctor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral Federación Galega Atletismo